

O artigo 12. tres da Lei 14/2007, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, establece que a masa salarial dos funcionarios en servizo activo aos que lles resulte aplicable o réxime retributivo da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, así como a do resto do persoal sometido a réxime administrativo e estatutario, experimentará un incremento do 1%, que se distribuirá na forma que se determine regulamentariamente, e que se destinará ao aumento do complemento específico, ou concepto adecuado, co obxecto de lograr, progresivamente en sucesivos exercicios, unha acomodación deses complementos que permita a súa percepción en catorce pagas ao ano, doce ordinarias e dúas adicionais nos meses de xuño e decembro.

A orde de 15 de xuño de 2007 pola que se ditan instrucións complementarias ás da orde de 16 de xaneiro de 2007 sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2007 establece na instrución cuarta que “o complemento específico anual do persoal que desenvolva algún posto de traballo no Servizo Galego de Saúde, en aplicación do establecido no artigo 12. tres da Lei 14/2006, do 28 de decembro, experimentará nas mensualidades correspondentes de xuño e decembro, un incremento dun 23,87% do complemento específico mensual que se perciba” e que “ao persoal estatutario que se retribúe polo sistema establecido no Real Decreto Lei 3/1987, do 11 de setembro, que carece de complemento específico na súa estrutura salarial, aplicaráselle os criterios de reparto que se acorden na súa mesa sectorial de negociación”.

A tenor do exposto, propónse para a súa negociación na Mesa Sectorial do 21 de xuño de 2007, a aplicación dos seguintes criterios:

1.- A efectos da aplicación ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, do establecido no artigo 12.3 da Lei 14/2007, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, integra o concepto *complemento específico ou concepto adecuado* o conxunto de retribucións correspondentes aos conceptos retributivos complemento específico, produtividade fixa e PRD, recollidos para o dito persoal, na Orde 16 de xaneiro de 2007, pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica .

2.- De conformidade coa instrución cuarta da Orde do 15 de xuño de 2007, pola que se ditan instrucións complementarias ás da Orde do 16 de xaneiro de 2007, no ano 2007 o persoal estatutario retribuído polo réxime do Real decreto-lei 3/1987, percibirá unha contía adicional nas mensualidades de

xuño e decembro igual ao 23,87%, do complemento específico ou concepto adecuado a que se refire o parágrafo anterior, consonte os seguinte criterios:

- Persoal que acredite en nómina os conceptos retributivos complemento específico, produtividade fixa e PRD, terá dereito a unha contía adicional igual ao 23.87% da suma dos tres.
- Persoal que acredite en nómina os conceptos retributivos produtividade fixa e/ou PRD, terá dereito a unha contía adicional igual ao 23.87% da suma dos dous ou do concepto que perciba, segundo o caso.

3.- O *complemento específico ou concepto equiparable* do persoal incluído no ámbito de aplicación do presente acordo experimentará na mensualidade correspondente a xuño e decembro o incremento que se detalla no recadro seguinte:

XUÑO 2008	33,33% <i>complemento específico ou concepto equiparable</i>
DECEMBRO 2008	66,66% <i>complemento específico ou concepto equiparable</i>
XUÑO 2009	66,66% <i>complemento específico ou concepto equiparable</i>
DECEMBRO 2009	100% <i>complemento específico ou concepto equiparable</i>